



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 9 DE MAIO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugarodos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde.
- Concello de Neda: Ángel Salvador García Cordero, representante do Concello de Neda.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Accidental Fidel García Martul, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Por unanimidade das persoas asistentes queda aprobada a acta da sesión de 11 de abril de 2016.

2. Dar conta das subvencións concedidas provisionalmente pola Deputación da Coruña.

Dase conta da concesión provisional pola Deputación da Coruña das seguintes subvencións.





SUBVENCIONS DEPUTACION DA CORUNA 2016 CONCEDIDAS PROVISIONALMENTE

Programa	Obxecto da solicitude	Importe solicitado	Importe concedido (coeficiente 1)	Observación
FO102/2016 Deportes Xeral	Equipamento para deporte inclusivo	6.480,00 €		Resolución pendente
FO101/2016 Deportes Xeral	Programa de deporte inclusivo 2016	50.000,00 €	4.000,00 €	
FOAXCA/2016 Servizos sociais Mantemento	Servizo de transporte adaptado para actividades de deporte inclusivo	45.000,00 €	19.984,50 €	
FOAYAA/2016 Promoción económica Xeral	Plan de promoción do emprendemento no sector primario e agroecolóxico	30.000,00 €	4.491,00 €	
DP0007/2016 Promoción económica Promoción turística. Actividade	Promoción do produto turístico Surf	30.000,00 €	3.000,00 €	Condicionada
DP0006/2016 Promoción económica Promoción turística. Investimento	Creación de web de promoción do produto turístico Surf	25.000,00 €	7.000,00 €	
TOTAL			38.475,50 €	

O xerente explica que para o proxecto de deporte inclusivo continuarase colaborando con entidades dedicadas á diversidade funcional como en anos anteriores, e sinala tamén que se solicitará a implicación dos técnicos de deporte e servizos sociais dos concellos para que teña a máxima difusión e repercusión.

Luis Alcalá engade que o desenvolvemento do proxecto de promoción económica vaise definir a través do grupo de traballo integrado polos técnicos de emprego dos nove concellos.

3. Dar conta da sinatura do convenio coa Axencia Turismo de Galicia para a promoción turística do Xeodestino Ferrolterra durante o ano 2016 e posta en marcha do proxecto.

Preséntase ao Pleno o convenio asinado o 19 de abril entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol para a realización de actividades de promoción e información do turismo no Xeodestino Ferrolterra durante o ano 2016

Anúnciase que en breve recibirá cada concello o requirimento da adopción dun acordo polo respectivo órgano competente comprometéndose a realizar unha achega a este proxecto polo importe aprobado no Pleno de 8 de febreiro.

O xerente informa de que se vai solicitar unha oferta á empresa que coordinou o proxecto en 2014 e 2015 tendo en conta o bo resultado deste servizo.

Luis Alcalá explica a posibilidade realizar con este convenio intervencións de "Street Art" ao longo do Camiño Inglés, tendo en conta o papel vertebrador da ruta xacobeá, que vinculen o Camiño coas Meninas de Canido. Tralas deliberacións, polas persoas asistentes acórdase que o proxecto se concrete a través dun concurso, en todo caso reservando a icona das Meninas para o barrio de Canido e, no tocante ao camiño de Santiago, estudando previamente as limitacións para actuar.



4. Seguimento do servizo e mellora das instalacións do Refuxio de Mougá.

O xerente informa de que na próxima sesión se facilitará unha memoria do proxecto de ampliación do Refuxio.

Luis Alcalá dá conta da situación provocada pola intervención que tivo lugar en abril nun domicilio de Narón no que se produciu un incendio que obrigou á retirada e aloxamento no Refuxio de 36 cans, de forma que as instalacións neste momento encóntranse ao límite da súa capacidade.

Na mesma liña, o xerente informa tamén da necesidade de dotar de Internet ao refuxio de Mougá vía satélite, cuxo custo anual foi valorado en 540 €/ano.

5. Axudas da Unión Europea.

O Pleno recibe a Julio Sánchez e Carlos de La Peña da empresa Valora, que realizan unha presentación sobre oportunidades de financiamento europeo.

Trala presentación, emprázase á empresa a unha reunión coa xerencia para estudar en máis detalle estas oportunidades e a súa aplicación á Mancomundiade.

A continuación, o Xerente explica o seu informe sobre axudas europeas en materia de auga e xestión de residuos.

José Manuel Blanco propón que se realice un estudo sobre a posibilidade de mancomunar servizos de xestión de residuos, no que se valore tamén a súa municipalización.

Julio Iglesias propón que se contemple tamén no estudo a creación dunha alternativa a SOGAMA.

O Presidente da Mancomunidade informa sobre o borrador de pregos, elaborado por Augas de Galicia, da xestión da EDAR de Cabo Prioriño e sistemas de colectores-interceptores das marxes norte e sur da Ría de Ferrol.

★ As persoas asistentes acordan convocar unha reunión monográfica sobre estes asuntos para o luns día 30 de maio ás 17:00 horas.

6. Creación de espazos cardioseguros.

O xerente informa brevemente sobre o avance deste proxecto e acórdase aprazar o seu estudo a unha próxima sesión.

7. Información sobre o proxecto da TDT.

O tratamento deste asunto aprázase a unha próxima sesión.

8. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

Este asunto non foi tratado.

9. Recepción a ASPANEPS.

Debido á imposibilidade de asistencia dos interesados, non ten lugar a audiencia a esta entidade.

10. Recepción á Asociación de Persoas Xordas de Ferrol.

Recíbese a Andrea Pardo Mesías e Ofir Bacia Marcos en representación da Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, que expoñen a proposta de colaboración desta entidade.

Trala deliberación, conclúese que neste momento non é viable administrativamente a sinatura dun



convenio de colaboración entre a Mancomunidade e a Asociación de Persoas Xordas de Ferrol para a execución da proposta, sen prexuízo da posibilidade doutras vías de apoio na reivindicación dos dereitos das persoas xordas.

11. Rogos e preguntas.

O alcalde de Valdoviño propón iniciar o proceso para propoñer á Xunta de Galicia a incorporación do Ciclo de Salvamento e Socorrismo nesta comarca ben no IES de Leixa ou no Rodolfo Ucha xa que agora só hai un ciclo en A Estrada.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García

